

Benegá ao día

Ribadavia

Número 3. Epoca 2ª / Xullo 2008

“ Un medio propio de información para achegar aos veciños e veciñas o traballo do BNG de Ribadavia ”

Envío Postal sen enderezo

Compromiso con Ribadavia



Dende o goberno do Concello de Ribadavia e da Xunta de Galiza, o BNG traballa no desenvolvemento do noso País e do noso Concello, comprometido plenamente ante a cidadanía co cumprimento dun programa electoral de futuro.

Son xa visibéis os importantes investimentos que a Consellería de Vivenda está a completar en Ribadavia e que ofrecen un enorme impulso para o desenvolvemento económico e a mellora da calidade urbanística de Ribadavia.

Desenvolvemento de solo empresarial

Nunca tivera o parque empresarial de Ribadavia, ubicado en San Cristovo, un impulso tan importante como o

que se produciu nesta lexislatura de responsabilidade do BNG na Consellería de Vivenda e Solo e que permite albiscar a posta en funcionamento de novas empresas e a ocupación de todo o espazo urbanizado destinado a solo empresarial. No pasado mes de maio completouse a venda da 2ª fase do Parque Empresarial de Ribadavia coa adjudicación das parcelas a cinco empresas que prevén a creación dun total de 57 postos de traballo directos inicialmente.

Esta ampliación do Parque Empresarial de Ribadavia desenvólvese sobre unha superficie total de 61.540 metros cadrados e un investimento de 1,3 millóns de euros por parte da Consellería de Vivenda e Solo e a previsión da Consellería é que as obras estean rematadas no próximo trimestre.

Os contratos de compravenda introducidos pola xestión nacionalista neste departamento autonómico incorporan unha serie de cláusulas para evitar calquera tipo de especulación co solo produtivo adquirido e urbanizado con recursos públicos. As firmas interesadas deben presentar un proxecto empresarial concreto no que especifiquen a actividade a desenvolver, o número de postos de traballo que van crear e o investimento a

realizar. Se as empresas adjudicatarias das parcelas non constrúen as súas instalacións no prazo estipulado, rescindirase o contrato de compravenda, coa reversión da parcela, que volverá a mans da Consellería de Vivenda e cunha penalización económica sobre o prezo orixinal de venda, para poñela de novo a disposición das empresas que realmente necesitan solo para desenvolver os seus proxectos.

Rehabilitación de vivenda e espazos públicos

A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, investirá 307.000 euros nas obras de reurbanización da Rúa Salgado Moscoso en 2008 e 2009, que xunto coa aportación do Concello de Ribadavia, suman un investimento total previsto para esta actuación de 383.827 euros, nunha rúa que vertebra parte do Casco Histórico atravesándoa de Norte e Sur. As obras consistirán na pavimentación da rúa, a instalación da rede de abastecemento, saneamento e pluviais, así como de electricidade de media e baixa tensión de forma soterrada. Tamén a instalación de rede de telefonía e telecomunicación, alumeadado público, gas e contedores soterrados e mobiliario urbano.

Ademáis, a área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia recibe en 2008 un total de 106.600 € aportados pola Consellería de Vivenda e Solo para actuacións de rehabilitacións no noso conxunto histórico. Tamén a Consellería aporta no ano 2008 60.000 € para o mantemento e funcionamento da oficina de rehabilitación. Estas actuacións súmanse aos 150.000 € que se aportaran en 2006 e 2007 para as rúas Merelles Caula e La Lira e os 29.000 € da mellora da urbanización das vivendas protexidas de San Paio”.



Edita: BNG Ribadavia

Impulsamos a participación cidadá



O BNG elaborou unha proposta de REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, que despois do seu debate polos distintos grupos foi aprobado por unanimidade no pleno municipal do pasado mes de maio. Ademais de cumprir cun compromiso recollido no programa electoral, o BNG

exerce o convencemento de que o noso País avanzará se conta cunha cidadanía activa e participativa dos asuntos públicos.

Este regulamento municipal de participación cidadá amplía os dereitos de información e participación nos debates públicos municipais. Tamén incorpora e se regu-

la a figura dos consellos territoriais, de cara a que os veciños dos barrios e parroquias elixan aos seus representantes nestes órganos consultivos. A proposta nacionalista e máis o texto aprobado en pleno están a disposición da cidadanía en www.ribeiro.tv”

O BNG de Ribadavia publica este boletín de información municipal dende o desexo de achegarnos directamente á cidadanía do noso concello dentro dunha periodicidade prevista de carácter mensual. O BNG vai achegar aos veciños e veciñas de Ribadavia as ideas, o traballo día a día, os proxectos para o futuro desta terra e máis as iniciativas e o labor do nacionalismo dentro e fora do goberno municipal tal e como é, tal e como nós o sentimos e o exercemos, sen filtros e sen deformacións. É por elo que mes a mes BNG AO DÍA Ribadavia estaremos na rúa para informar aos e ás ribadavieneses do labor do nacionalismo galego polo futuro de todos.

www.Ribeiro.tv

O GALEGO
é un dereito básico !



45ª Feira do Viño. Decisións con razóns

En 1964, coincidindo coas datas nas que historicamente os ribadavienses honraban ao San Pedro, botou a andar a Feira do viño do Ribeiro. A Feira foi pioneira a nivel galego na exaltación dos caldos da terra, polo que rapidamente se converteu nun evento popular e masivo, do mesmo xeito que o Ribeiro era un viño eminentemente popular.

O tempo pasa, e corenta e cinco anos de festa ben valen para que os ribadavienses esteamos satisfeitos de acoller a Feira do Viño. O propio Ribeiro acolle unha historia case que milenaria dentro dos viños de prestixio. Mais nada é para sempre. O Ribeiro afronta hoxe un proceso de modificación do seu regulamento para adaptalo aos tempos que corren no mundo do viño.

Seguir funcionando cun **r e g u l a m e n t o** preconstitucional é poñer máis paos nas rodas sobre as que o Ribeiro quere avanzar cara o futuro. Cun sector cada vez máis profesional, que aspira á evolución do seu marco legal e a dispor de mellores **condicións** productivas e de acceso aos mercados (de aí as medidas aplicadas no Plano Vitivinícola do Ribeiro que a Consellería de Medio Rural está a desenvolver), a calidade é un valor fundamental.

Tamén a Feira do Viño ten que dar un salto de calidade e servir para que o sector se desenvolva nas esferas dos mercados de alto valor. Un cambio de datas non significa renunciar ao carácter popular e aberto da Feira do Viño, queremos que Ribadavia siga a ser punto de encontro para

os ribeirasos e demais xentes que ano tras ano nos visitan. A Feira posúe o recoñecemento de festa de interese turístico e queremos que siga a ser un dos eixos fundamentais da promoción turística de Ribadavia. O sector do viño ven reclamando que aos caracteres irrenunciábeis de festa popular e turística engadamos o da promoción da calidade e para elo que se teña en conta a súa celebración en datas que permiten chegar dende a Feira ao mercado cun produto de maior calidade.

Ribadavia conta coas adegas máis importantes e máis recoñecidas do Ribeiro, con moitas das mellores viñas e dos mellores viticultores do Ribeiro, con eles e con todas as nosas xentes, a Feira vai dar en 2008 un salto de calidade”.



cremos no noso País

traballamos nun proxecto transformador
para esta Nación

Galiza, 25 de xullo 2008, día da patria

MANIFESTACIÓN ás 12 da mañá na Alameda de Santiago de Compostela



Tribuna aberta, Por Bieito Conde

A crise

O Goberno bipartito do Concello de Ribadavia viviu en meses xa pasados a primeira crise seria dende que hai cinco anos socialistas e nacionalistas tomaron as rendas da institución municipal ao non acadar o Partido Popular a maioría absoluta necesaria para gobernar en solitario. O motivo do roce: executar acordos contidos no pacto.

Nesta situación obrigou a buscar saídas intermedias que poideran darlle ó grupo nacionalista a operatividade que se buscaba coa adicación exclusiva pactada, todo elo nun contexto de esforzo por manter o pacto vivo.

Agora, o grupo nacionalista engade ás áreas que cubren os seus dous concelleiros, o traballo dunha coordinadora do que tamén se van beneficiar os outros eidos do bipartito dirixidos por edís socialistas.

A saída da crise ten varias interpretacións posibles, pero sobre todo, amosa a determinación do BNG e seu compromiso de gobernar o Concello de Ribadavia con coherencia, propostas, lealdade e responsabilidade; dándolle máis importancia á sustanciación dun proxecto político que á imposición de cuestións colaterais prescindibles. Non coma outros..... que se diría na miña terra.

A Feira

Neste intre, os concelleiros nacionalistas traballan na que será a corenta e cinco edición da Feira do Viño, e fano cumprindo o encargo de boa parte do sector, que ven demandando dende hai anos que se muden as datas de celebración do certame de exaltación dos cal-

dos do Ribeiro, o que ata dagora non tivo resposta algunha dos políticos corresponsabeis. Accedendo a esta petición asúmese un risco que ninguén oculta, pero unha vez máis o grupo nacionalista amosa a súa intención de gobernar para e con todos, sendo poroso as aspiracións de boa parte do sector, representado na organización da Feira polo propio Consello Regulador.

Non é, tampouco nesta ocasión, o BNG quen non esté a altura dos acontecementos, xa que en política hai que asumir riscos se o obxectivo é o ben común, o goberno ten estas cousas; a responsabilidade tamén obriga.

Participación cidadá

Capítulo importante, o meu humilde entender, é o proxecto nacionalista de elaborar un regulamento de participación cidadá, no que se contempla incluso a posíbel participación dos veciños nos plenos, o que, a pesar das dificultades que pode presentar e mailas retencencias que espertaou nos outros grupos municipais, supón un avance democrático importante e a apertura dun campo de actuación que lle pode permitir ós administrados uns graos insólitos de implicación nos asuntos públicos, ademáis de facilitar a súa influencia na toma de decisións no intre de tomalas.

A política é o arte de facer posible o necesario, de xestionar intereses de todos, de tentar mellorar e aumentar os servizos que os concellos lle prestan os veciños, avanzar en calidade de vida, prestacións e posibilidades de desenvolvemento persoal; tentar facelo ollando de fronte ós que reciben esa xestión, permitindo a interacción, é, sen dúbida, unha das actitudes máis progresistas que pode amosar un goberno local, que demostra por outra banda convencemento e seguridade no que se fai, e por suposto transparencia”.

Como contactar co BNG de Ribadavia:

R/Tomás de Lemos, 2-baixo
32400 Ribadavia
ribeiro@bng-galiza.org
Telf: 988 470 081

